

XV CIRCUÍTO GALEGO AUGAS ABERTAS

TRAVESÍAS A NADO 2018

Tempada 2017/18. Circular 17-21.

Condicións e participación

1.1.- O XV Circuito Galego de Augas Abertas rexérase pola Normativa FINA de Augas Abertas, pola Normativa de Competición de Augas Abertas da Federación Española de Natación e polo presente regulamento particular.

1.2.- Poderán participar todos os nadadores federados, entendéndose como tal, todo aquel que teña licenza federativa en vigor polo estamento de Máster ou de Deportista na presente tempada en calquera das disciplinas que integran a Federación Galega de Natación (FEGAN).

1.3.- Establécense as seguintes categorías (só é posible inscribirse nunha delas):

Deportista (nadadores con licenza territorial de deportista en calquera das disciplinas):

ABSOLUTA

Máster (nadadores con licenza territorial de máster):

MÁSTER 1: de 20 anos a 34 anos

MÁSTER 2: de 35 anos a 49 anos

MÁSTER 3: de 50 anos a 64 anos

MÁSTER 4: de 65 anos e posteriores

1.4.- A participación estará limitada a os nados no ano 2004 e anteriores.

1.5.- Os nadadores que desexen participar no circuito, deberán inscribirse a través do apartado do Circuito Galego de Augas Abertas na web da FEGAN ou en inscripciones@fegan.org.

1.6.- O prazo para se inscribir como participante do Circuito Galego de Augas Abertas remata 20 días antes da primeira travesía do circuito establecida no calendario oficial da FEGAN.

1.7.- O período dentro do cal se poden organizar probas de Travesías, dentro do Circuito Galego de Augas Abertas será desde o 1 de xuño de 2018 ata o 30 de setembro de 2018 e a data límite para facer dita solicitude será ata o 1 de maio de 2018.

Organización

2.1.-As probas utilizaran o sistema de chip de cronometraxe electrónico a través da empresa escollida polo organizador, coa condición de que os resultados emitidos pola empresa elixida sexan enviados á FEGAN dentro das 48 horas seguintes a finalización da proba para facer a puntuación do Circuito Galego de Longa Distancia aos seguintes enderezos resultados@fegan.org e vogalia.augas.abertas@fegan.org

2.2.- As travesías terán como entidade ou entidades organizadoras o clube, agrupación ou institución que sexan responsables da preparación, organización e formulación do regulamento de cada proba, o cal non deberá contradicir o indicado neste documento.

2.3.- As entidades organizadoras serán as encargadas de xestionar os permisos necesarios diante das autoridades competentes para o seu correcto desenvolvemento (concellos, autoridade portuaria,

confederación hidrográfica, capitanía marítima, etc.) Estes permisos son imprescindibles para poder levar a cabo a travesía.

2.4.- Ademais, serán as encargadas de velar pola seguridade dos nadadores participantes contando cos medios e/ou apoios axeitados a tal fin. Tamén deberán facilitar unha embarcación para que os xuíces poidan controlar o percorrido da proba, así como as que sexan necesarias para o control de paso de boias que teña o percorrido.

2.5.- Aquelas travesías do Circuito que teñan límite de prazas na inscrición, contarán con suficientes para todos os inscritos no Circuito, tendo estes preferencia durante o prazo de inscrición.

Inscrición de travesías - calendario

3.1.- As entidades organizadoras das travesías incluídas no Circuito, deberán remitir o seu regulamento, no que debe figurar expresamente: a data e hora de realización, as categorías, o esquema do percorrido, os premios, o enderezo e teléfono de contacto e outra información relevante da travesía.

A cota de inscrición de cada travesía será de 300 € que deberá ser aboada 10 días antes da celebración da proba.

Ademais acompañarán un compromiso formal de cumprimento da Normativa vixente de Augas Abertas, incluíndo as Normas FINA e da RFEN en vigor sobre traxes de baño

3.2.- Para as competicións en Augas Abertas cunha temperatura da auga por enriba de 20°C os traxes de baño tanto para homes coma mulleres non poderán cubrir o colo, nin se estenderá máis alá dos ombros, nin por debaixo dos nocellos. Neste caso coas condicións especificadas os traxes de baño para competicións de Augas Abertas deberán ser feitos cos mesmos requisitos aplicables os traxes de baño usados en piscinas.

Para as competicións de Augas Abertas con unha temperatura da auga por debaixo de 20°C, homes e mulleres poderán utilizar traxes de baño téxtiles ou térmicos («wetsuits»). Cando a temperatura da auga sexa inferior a 18°C, o uso de traxes de baño térmicos é obrigatorio.

No que se refire a esta normativa, os «wetsuits» son traxes de baño feitos de materiais que proporciona illamento térmico. Estes traxes de baño para homes e mulleres cubrirán completamente o peito, costas, ombros e xeonllos. Non se estenderán máis alá do colo, os pulsos e os nocellos.

Estas normas serán tamén de aplicación nas competicións máster de Augas Abertas.

3.3.- O lugar de celebración da travesía deberá ser en «augas abertas», entendendo como tales os seguintes emprazamentos: praias, portos, ríos, lagos ou calquera outro que non teña a consideración de recinto pechado.

3.4.- A distancia das probas debe de ser de 2500 metros como mínimo, para todas as categorías

3.5.- O Calendario será publicado nas canles habituais empregadas pola FEGAN así coma por outros medios habituais específicos que se consideren relevantes.

3.6.- Unha vez recibidas todas as solicitudes de sedes para organizar as diferentes probas do circuito a Xunta Directiva da FEGAN será a que asignara as sedes

Inscricións

4.1.- O prazo de inscricións nas distintas probas para os participantes no Circuito axustarase ao disposto na normativa concreta de cada travesía.

4.2.- Se un participante inscrito no Circuito Galego de Augas Abertas, se inscribe o día da travesía, non se terá en conta a participación a efectos de puntuación no circuito.

4.3.- Para poder optar ós premios ou clasificación final do Circuito Galego de Augas Abertas, os nadadores

deben «rematar» o 50 % das travesías que compoñan o circuíto, en caso de numero impar de probas, redondearase sempre cara arriba. Para o cómputo do total de puntos, terase en conta o 80 % das probas totais do circuíto, redondeando sempre cara arriba, descartando as peores puntuacións que superen o 80% das probas do circuíto.

Puntuación

5.1.- Para poder puntuar no Circuíto (tanto en categoría masculina como feminina para deportistas e máster), o nadador deberá ter licenza federativa en vigor por algún Clube Galego.

5.2.- Haberá unha clasificación absoluta masculina e outra absoluta feminina, para a Categoría de deportista, e unha clasificación masculina e feminina para cada unha das catro categorías máster.

5.3.- En cada travesía puntuarán os 16 primeiros clasificados:

De 2500m a 3499m - 19-16-14-13-12-11-10-9-8-7-6-5-4-3-2-1

De 3500m a 4999m - 25-21-18-16-15-14-13-12-11-10-9-8-7-6-5-4

De 5000m en diante - 33-28-24-21-19-18-17-16-15-14-13-12-11-10-9-8

5.4.- Se por algunha causa, unha proba do Circuíto ve reducida a súa lonxitude de xeito que non se acade a distancia mínima de 2500 metros, non puntuara para o circuíto galego de augas abertas.

Clasificación

6.1.- En cada categoría, proclamarase campioa e campión do XV Circuíto Galego de Augas Abertas a aquela nadadora e nadador que obteña o maior número de puntos. Haberá polo tanto unha campioa e un campión para cada unha das categorías do circuíto.

6.2.- En caso de empate final a puntos, primarán (por orde) as seguintes circunstancias: quen obtivese máis primeiros postos, segundos, terceiros e así sucesivamente ata resolver o empate.

6.3.- Establecerase unha clasificación por clubs en cada unha das categorías do circuíto, sumando a puntuación dos dous mellores nadadores en cada proba inscritos no circuíto de cada clube para cada unha das categorías e sexo. Haberán polo tanto catro clasificacións: deportistas masculina, deportistas feminina, máster masculina e máster feminina.

Premios

7.1.- A FEGAN fará entrega dun trofeo ao primeiro clasificado en cada categoría tanto para a modalidade de deportistas como para a de máster.

Na modalidade de deportista haberá un campión na categoría masculina e unha campioa na categoría feminina. Tamén haberá para estes un premio en metálico ou en material deportivo, repartido do seguinte xeito:

- 500 euros para o primeiro/a clasificado/a da modalidade de deportista
- 300 euros para o segundo/a clasificado/a modalidade de deportista
- 200 euros para o terceiro/a clasificado/a modalidade de deportista
- Vale en material deportivo para o 4º, 5º, 6º clasificado/a modalidade de deportista

Para a modalidade máster, haberá catro campións na categoría masculina (un por cada categoría máster) e catro campioas na categoría feminina (unha por cada categoría máster).

Entregarase un vale de material deportivo ó mellor clasificado masculino e feminino de entre as catro categorías máster, según a suma de todos os puntos conseguidos en todas as probas nas que teña

participado o nadador/a gañador.

7.2.- Este premio é independente (e complementario) dos que as respectivas organizacións das travesías establezan nos seus regulamentos.

7.3.- Estes premios entregaranse no Campionato Galego de Augas Abertas

Xurado

8.1.- O xurado da proba estará nomeado polo Comité Galego de Árbitros da FEGAN.

8.2.- A súa composición corresponderá co regulamentariamente establecido pola FEGAN ou, no seu defecto, pola vogalía de Augas abertas da Federación Española de Natación.

8.3.- É competencia do xurado a resolución de calquera cuestión ou recurso que apareza no desenvolvemento da proba.

8.4.- O/A arbitro xefe da competición cubrirá unha ficha técnica da travesía segundo modelo oficial que lle proporcionará o Comité Galego de Árbitros. O orixinal desta deberá ser enviado á FEGAN.

Reclamacións

Nas competicións de augas abertas, a Comisión de Competición estará formada por:

- a) O Secretario Xeral da FEGAN.
- b) Un representante dos Clubes participantes, elixido por sorteo.
- c) Un representante dos adestradores, elixido por sorteo de entre os pertencentes aos clubs participantes.
- d) O Xuíz Árbitro da Competición.
- e) Unha persoa designada pola FEGAN que non coincida coas anteriores.

O sorteo dos compoñentes desta Comisión de Competición, celebrarase ao inicio da tempada de augas abertas, en data e hora que será anunciada con antelación, na sede da FEGAN, e antes do comezo das competicións.

A reclamación presentarase, como máximo, ata 48 horas despois de resolta a reclamación previa presentada ao xuíz da competición.

A reclamación resolverase, por parte da Comisión de Competición, como máximo 48 horas despois de ter coñecemento dela.

RECLAMACIÓNS DE RESULTADOS

Calquera reclamación contra os resultados non se poderá levar a cabo logo de pasadas 48 horas desde a súa publicación definitiva.

A Coruña, 18 de xaneiro de 2018

Secretaría Xeral FEGAN

CIRCUÍTO GALEGO DE AUGAS ABERTAS

Ficha Técnica da Travesía

Nome da proba:		
Data:	Concello:	
Lugar:	Tipo de augas:	
Distancia percorrida (en metros):	Número de nadadores á saída:	
Entidade ou clube organizador:		
Composición do xurado principal:		DNI
Árbitro xefe:		
Xuíz saídas:		
Árbitro/xuíz:		
Árbitro/xuíz:		
Outros postos do xurado:		
Incidencias.		
Número descualificados:	Número abandonos:	Número outras:
Descrición de incidencias:		
Certifico a veracidade dos datos que figuran nestes resultados:		
_____, _____ de _____ de 201__		
Asdo.: Árbitro Xefe		